



## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### DODRO

*Publicación normativa modificación puntual número 4 do PXOM de Dodro*

##### ANUNCIO

Mediante a Orde da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda da Xunta de Galicia do 16 de decembro de 2021 foi outorgada a aprobación definitiva á modificación puntual número 4 do Plan xeral de ordenación municipal deo Concello de Dodro.

A dita Orde foi publicada no Diario Oficial de Galicia (DOG) número 251 do 31 de decembro de 2021.

Consonte ao previsto no artigo 82.3 e 82.4 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e 70 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, procede para os efectos da entrada en vigor da modificación puntual número 4 do PXOM, a publicación da normativa e das ordenanzas da modificación aprobada definitivamente, unha vez inscrita no Rexistro de Planeamento Urbanístico de Galicia en data de 01 de febreiro de 2022.

En consecuencia, procédese á publicación da normativa da modificación puntual número 4 do PXOM aprobado definitivamente.

##### NORMATIVA

#### 1.- DISPOSICIÓNS XERAIS

##### 1.1.- Marco legal

##### 1.2.- Ámbito de aplicación

##### 1.3.- Contido

##### 1.4.- Aplicación da normativa xeral.

##### 1.5.- Normativa

#### 1.- DISPOSICIÓNS XERAIS

##### 1.1.- Marco legal

A presente Modificación Puntual redáctase de conformidade coa Lei 2/2016, do solo de Galicia, e co actual Plan Xeral de Ordenación Municipal de Dodro.

##### 1.2.- Ámbito de aplicación

Constitúen o ámbito de aplicación os camiños que se anulan e se recoñecen nos núcleos de A Igrexa, Revixós, Vigo, Reboiras, Rial da Lagoa, Tarrío, Sar e Bustelo.

##### 1.3.- Contido

En todos aqueles conceptos e determinacións non recollidos na Modificación Puntual, serán de aplicación as disposicións xerais do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Dodro, e complementariamente, as disposicións de carácter vinculante da Lei 2/2016, do Solo de Galicia.

##### 1.4.- Aplicación da normativa xeral.

A presente Modificación Puntual contén todas as precisións necesarias, tendo en conta o obxecto da mesma, establecidas na vixente lexislación do solo.

##### 1.5.- Normativa

Como xa se mencionou o longo da presente memoria, a modificación puntual non leva aparelada ningunha modificación na normativa establecida polo Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Dodro, aprobado definitivamente con data do 27 de decembro do 2010.

Non en tanto, procédese a introdución dun novo artigo, Art.5.1.8. Limitacións de uso derivadas do ruído) no TÍTULO V. CONDICIÓN DOS USOS, CAPÍTULO 1. DISPOSICIÓN XERAIS, que queda como segue:

**Art.5.1.8. Limitacións de uso derivadas do ruído**

Para a execución de obras e instalacións no contorno das estradas autonómicas, establécese como requisito previo ó outorgamento da licenza municipal, a realización dos estudos necesarios para a determinación dos niveis sonoros esperables, así como para o establecemento das limitacións á edificabilidade ou da obrigatoriedade de dispor dos medios de protección acústica necesarios, en caso de superarse os umbrais recomendados, segundo o establecido na normativa básica estatal en materia de ruído ou na correspondente normativa autonómica de desenvolvemento.

De igual maneira, introdúcese un novo artigo para o ámbito da Modificación puntual nº4 do PXOM, recollendo a Lei 22/1988, de 28 de xullo, de Costas e o Real Decreto 876/2014, de 10 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Costas, quedando como segue:

**Art.10.2.8.1. Afección de costas no ámbito da Modificación Puntual nº4 do PXOM.**

Segundo a normativa de aplicación:

- Lei 22/1988, de 28 de xullo, de Costas
- Real Decreto 876/2014, de 10 de Outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Costas.

Dodro, 03 de febreiro de 2022

O alcalde,

Francisco Xabier Castro Tourís.

2022/571